





Galeg@
para sempre

Manual de Recursos
en **Lingua Galega** para
Actos Funerarios



CONCELLO DE
SANTIAGO

Galeg@
para sempre



CONCELLO DE
SANTIAGO

Edita:

Concello de Santiago de Compostela
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Maquetación:

Esther Sierra Abraín

ÍNDICE

LIMIAR	5
PARA AS EMPRESAS FUNERARIAS	7
NECROLÓXICAS	7
- Necrolóxica católica	7
- Necrolóxica laica	11
RECORDATORIOS	13
PARA AS EMPRESAS MARMORISTAS	15
LÁPIDAS	15
Lemas para lápidas	15
- Lemas xenéricos	16
- Lemas para mulleres	17
- Lemas para homes	18
PARA AS FLORARÍAS	20
LEMAS PARA FITAS OU PARA AS TARXETAS QUE ACOMPAÑAN AS FLORES	20
PROPOSTAS PARA REALIZAR UNHA CERIMONIA FUNERARIA	22
LEMBRANZAS	22
POEMAS	23
OUTROS RECURSOS	29
I. NOMES DOS LUGARES DO CONCELLO DE SANTIAGO	29
II. IGREXAS E CEMITERIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO	31
III. RECURSOS NA REDE	34
IV. PEQUENA COMPILACIÓN DE VOCABULARIO DO ÁMBITO FUNERARIO	34
V. VOCABULARIO BILINGÜE: CASTELÁN/GALEGO	36
VI. NOMES DE PARENTESCO	37



" EN MEMORIA DAS
PERSOAS QUE AQUÍ XACEN
PORQUE GRAZAS A ELAS
GALICIA SEGUE A TER UNHA
LINGUA E CULTURA DE SEU "

LIMIAR

Grazas á xenerosidade do Concello de Ames, que elaborou e publicou a primeira versión, podemos ofrecerlles a todas as empresas e entidades relacionadas coa organización de actos fúnebres (florarías, marmorarías, empresas funerarias, parroquias etc.), un manual con propostas e modelos que impulsen o uso normal do galego nos ditos actos.

Resulta chocante que os textos cos que despedimos e lembramos as persoas queridas exclúan a lingua na que se expresaron e viviron, que formou parte da súa identidade, do mesmo xeito que o seu lugar de nacemento ou aquel no que as honramos.

Nesta altura, en que xa o galego está presente en case calquera ámbito, cómpre desterrar os hábitos e prexuízos que o colocan nun segundo plano, como se non fose apto para cerimonias ou acontecementos tan arraigados na nosa comunidade.

Do mesmo xeito que prestamos atención e coidamos moitos outros detalles dos ritos, co fin de despedir os nosos seres queridos coas maiores mostras de cariño e de respecto pola súa dignidade, debemos ter en conta a lingua en que o facemos, que é tan válida para a solemnidade como calquera outra, mais que é a que construímos e sentimos como propia todos os galegos e galegas.

O Concello de Santiago, consciente de que as dúbidas sobre a corrección dos textos ou a falta de seguridade entorpecen o uso do galego, quere colaborar na superación deses atrancos con este repertorio de textos habituais -enmarcados a maioría deles na tradición católica, pola súa clara preeminencia, mais tamén noutras opcións- e co apoio permanente do Departamento de Lingua Galega.

Sumámonos tamén á proposta de que o galego sexa a lingua por defecto dos actos, salvo indicación contraria por parte das familias, tendo en conta que é a maioritaria da poboación e que precisa aínda de impulso nos ámbitos máis formais.

Rematamos co agradecemento a todas as entidades e persoas que elaboraron a primeira versión deste manual, en especial ao Concello de Ames que o cedeu desinteresadamente, e ás que foron por diante no proceso de facer normal o uso do galego nos momentos vinculados á nosa despedida vital.

Noa Susana Díaz Varela
Concelleira de Políticas Lingüísticas de Santiago de Compostela

LIMIAR da primeira edición

O Concello de Ames edita este manual co obxectivo de achegarlles ás empresas relacionadas coa organización de actos funerarios (florarías, marmorarías e empresas funerarias) propostas que lles permitan usar a nosa lingua con normalidade nos devanditos actos.

No noso concello, igual que no resto de Galicia, emprégase de forma moi minoritaria a lingua galega nos textos e cerimoniais que se producen despois do falecemento dunha veciña ou dun veciño. Trátase dunha triste anomalía que nos leva, na maior parte dos casos, a despedir unha persoa nunha lingua que non era a habitual nela.

Continúanse reproducindo, deste xeito, inercias herdadas dun tempo en que o galego non era considerado unha lingua válida para usar en textos solemnes.

O Concello de Ames é consciente de que moitas veces as empresas carecen de modelos ou de coñecementos para poder ofrecer á súa clientela o <https://lgx15.gal/edicion-2017/s> textos en galego con seguridade. O manual Galeg@ para sempre permitirá superar esta situación e que unha veciña ou veciño poida escoller, en igualdade de condicións, a lingua que desexa para despedir a persoa falecida. Ademais, o Servizo de Normalización Lingüística municipal está á disposición das empresas para a resolución de calquera consulta ao respecto. Desde o Concello propoñemos que, salvo indicación contraria, sexa a lingua galega a que se empregue por defecto nestes actos posto que tamén é a maioritaria entre a poboación.

A nosa lingua conta con textos de gran valor literario para acompañar a perda dunha vida. Este manual contén unha escolma de poemas e de lemas para lápidas que poden resultar acaídos neste tipo de cerimoniais.

Presentamos tamén modelos de textos para utilizar no caso de que a familia opte pola realización dun acto laico.

Recollemos, ademais, a toponimia do Concello Ames, os nomes dos cemiterios e das igrexas e unha pequena compilación de léxico relacionado co ámbito funerario.

O presente manual realizouse tomando como base iniciativas similares noutras partes de Galicia das que tiramos directamente –co seu permiso– a maioría dos contidos. Agradecemos a súa xenerosidade e colaboración aos servizos de normalización lingüística dos concellos de Moaña e Carballo, ao Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia e á Comisión polo Pasamento Laico do Concello de Cangas.

Agradecemos tamén a colaboración e o compromiso das empresas funerarias que traballan no Concello de Ames, dos párrocos e doutra moita xente anónima que nos facilitou este traballo e que contribúe no día a día a visibilizar a nosa lingua como un dos xeitos principais de manifestar con orgullo a nosa galegitude para seguir sendo Galeg@s para sempre.

Isabel Vaquero Quintela.

Concelleira de Normalización Lingüística de Ames

PARA AS EMPRESAS FUNERARIAS

NECROLÓXICAS

- Necrolóxica católica

Seguen un esquema xeral no que se reproduce o nome e os apelidos da persoa falecida e debaixo, entre parénteses, o alcume ou sobrenome, no caso de que a persoa fose coñecida por esta denominación. Debaixo do nome, e tamén entre parénteses, pódese poñer outra información breve que identifique a persoa falecida (traballadora dunha determinada empresa, viúva/o de...).

A continuación, escríbese o día en que morreu e a idade que tiña nese intre e, de maneira opcional, unha referencia relixiosa.

Tras as abreviaturas da expresión *Descanse en paz* (D.E.P.) ou *Que en paz descanse* (Q.E.P.D.) sinálanse os datos familiares, onde se vela e onde e a que hora se vai enterrar. É dicir, os datos necesarios para que aquelas persoas que queiran ir presentar os seus respectos o poidan facer, no caso de que a familia admita dó. No caso de que non se admita dó, tamén é importante indicalo.

As tipografías para sinalar estes datos son variadas, pero sempre destaca o nome da persoa finada. A colocación destes datos tamén pode variar, pero, polo xeral, o nome da persoa falecida, o alcume e a expresión D.E.P. van centrados.

Para o tratamento que se lle dá á persoa finada, temos varias opcións:

- **Nome e apelidos** sen máis, sen ningún tipo de tratamento: Xosé Salgueiro Gándara; María Lameiro Lampón.

- **Señor (Sr.) ou señora (Sra.)** seguido do nome e os apelidos: O señor Xosé Salgueiro Gándara; A señora María Lameiro Lampón.

- **Don ou dona** seguido do nome e os apelidos: Don Xosé Lamelas Lourido; Dona María Lameiro Lampón

*Se empregamos a fórmula “señor don” (ou as súas abreviaturas Sr. D.) ou “señora dona” (Sra. D.ª) estamos caendo nunha redundancia, así que debemos rexeitar este uso.

Don Xosé Lamelas Lourido

(Pepe do Souto)

Finou o día 30 de febreiro aos 85 anos de idade, confortado cos Santos Sacramentos.

D.E.P.

A súa esposa María Euxenia García Rodil; os seus fillos e fillas, Antón, Rubén, María e Rosa; netos/as, noras e xenros, sobriños/as, irmás/ns políticas/os e demais familia agradecen unha oración pola súa alma.

O enterro será hoxe, venres, ás doce da mañá. O féretro conducirase desde o tanatorio de Boisaca ata a igrexa parroquial de San Xulián do Carballal.

Nesta igrexa realizarase o funeral e, seguidamente, recibirá sepultura no camposanto da mesma parroquia.

Santiago de Compostela, 30 de febreiro de 2000

Cabodano de

DONA MARÍA LAMEIRO LAMPÓN

(Maruxa das Laranxeiras)

Faleceu cristiamente o día 14 de outubro de 2010 aos 90 anos de idade.

D.E.P.

O seu home, MANUEL ANTONIO BOULLÓN GONZÁLEZ; fillo, ANTÓN (barbeiro); filla política, LIDIA GONZÁLEZ LANZÓS; netos, ALDÁN, XULIA E EREA; bisnetos, FIZ E MARÍA; irmá, LEONOR; irmás políticas, ANA e BEATRIZ; sobriños/as, curmáns/ás e demais familia.

ROGAN unha oración pola súa alma e a asistencia ao FUNERAL DE CABODANO que se celebrará o sábado, 16 de outubro, na igrexa de San Xoán de Vista Alegre.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011

O SEÑOR

Rosendo Loureiro Rúa

FINOU NO DÍA DE ONTE AOS 67 ANOS DE IDADE,
CONFORTADO COS AUXILIOS ESPIRITUAIS.

----- D.E.P. -----

A súa dona, Rosalía María Covas Gómez; fillos, Ramón e Rodrigo; fillas políticas, Antonia e Carme; netos/as, Paulo, Xoel e Aldara; irmás, María Xosé e Celeste; irmáns/s políticos/as, tíos/as, sobriños/as, curmáns/as e demais familia PREGAN unha oración pola súa alma.

A misa de corpo presente terá lugar HOXE, MÉRCORES, ás SETE da tarde, na capela do tanatorio municipal e deseguido será incinerado na intimidade familiar.

O funeral polo seu eterno descanso realizarase MAÑÁ, XOVES, día 24 de xullo, ás OITO da tarde, na igrexa de San Miguel dos Agros.

Capela ardente: Tanatorio Municipal de Boisaca, sala dúas.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2008

O SEÑOR

Manuel Abelleira Mao

(Viúvo de Xoana Quiñoi)

FINOU CRISTIAMENTE NO DÍA DE ONTE AOS 91 ANOS DE IDADE.

----- D.E.P. -----

A súa filla, María; fillo político, Xoán Pousada Castelo (Mobles Pousada); netos/as, Manuel e Concha; bisnetos, Carlos, Xoel e Breogán e demais familia.

PREGAN unha oración pola súa alma e a asistencia á condución dos seus restos mortais, que terá lugar HOXE, ás CATRO MENOS CUARTO da tarde, desde a sala de velacións número 5 do Tanatorio Municipal de Boisaca ao cemiterio de Santa Cristina de Fecha, onde recibirá cristiá sepultura. O funeral oficiarase MAÑÁ VENRES, ás CINCO da tarde, na igrexa da citada parroquia.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2010

A señora

Mencía Filgueiras Vilariño

FUNDADORA DE FIGUEROA E MARTÍNEZ S.L.

Faleceu onte, aos 79 anos de idade.

----- Q.D.E.P. -----

O seu home, Manuel; fillas, Palmira e Xela; fillos políticos, Darío e Xoán; netos/as, Aldán, Moisés, Paulo, Mara, Lía e Sabela; sobriños/as, curmáns/ás e demais familia.

A misa de corpo presente terá lugar hoxe, martes, ás cinco da tarde, na igrexa parroquial de Santa Mariña de Verdía e, deseguido, será soterrada no cemiterio da mesma parroquia.

Capela mortuoria: Tanatorio Municipal de Boisaca, sala 2.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2004

Cabodano de

DONA EULALIA RAMOS RANCAÑO

(Lali de Currás)

Faleceu o día 8 de maio de 2013, aos 54 anos de idade,
confortada cos auxilios espirituais.

Marido: Afonso Grela Ramil.

Fillas: Alma, Irene, Mariña e Raquel Grela Ramos.

Fillos políticos: Brais Filgueiras e Roxelio Vilariño.

Netos/as: Antón, Lois, Berta e Cristina.

Irmá: Sabela

Irmáns políticos: Luís Carballo e Óscar Ramallo.

Tíos/as, curmáns/ás e demais familia.

Agradecen unha oración pola súa alma e comunicanlles que o funeral do cabodano se realizará o vindeiro SÁBADO 12 de MAIO, ás DOCE da MAÑÁ na IGREXA DE SAN FROITOSO DE SANTIAGO.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2014

Tamén é posible empregar unha estrutura de texto e de estilo máis libre, sen tantas referencias aos nomes das persoas que integran a familia e indicando só os datos necesarios para velar o cadáver e un lema que recolla o sentir da familia.

Xenxo Outes Rea

Levaremos connosco sempre o teu sorriso, o teu espírito de traballo e a túa xenerosidade.

O seu funeral será hoxe, sábado, ás once da mañá na igrexa parroquial de San Cristovo do Eixo.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2011

Á idade de 89 anos, morreu no día de onte

Xabier Regueiro Vilas

As persoas que traballamos contigo na empresa xxxxx, lembraremos sempre a túa xenerosidade e o teu compañeirismo.

O seu funeral será hoxe, sábado, ás once da mañá na igrexa parroquial de Santo Antonio, nas Fontiñas.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2011

- Necrolóxica laica

Para estes casos, valen as mesmas necrolóxicas que as anteriores unha vez que se lles eliminan as referencias relixiosas. Aquí reproducimos algún exemplo:

Don Xosé Lamelas Lourido

(Pepe do Souto)

Finou o día 25 de xaneiro aos 85 anos de idade.

A súa esposa María Euxenia García Rodil, os seus fillos e fillas, Antón, Rubén, María e Rosa, netos/as, noras e xenros, sobriños/as, irmáns/s políticos/as e demais familia comunican que o seu cadáver velarase na sala unha do Tanatorio do Hospital Clínico e soterrarase mañá, venres, ás doce da mañá no Cemiterio Municipal de Boisaca.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2000

Cabodano de

DONA MARÍA LAMEIRO LAMPÓN

(Maruxa das Laranxeiras)

Faleceu o día 12 de outubro de 2010 aos 90 anos de idade.

O seu home, MANUEL ANTÓN BOULLÓN GONZÁLEZ; fillo, ANTÓN (perruqueiro); filla política: LIDIA GONZÁLEZ LANZÓS; netos/as, ALDÁN, XULIA E EREA; irmá, LEONOR; irmás políticas, ANA e BEATRIZ; sobriños, curmáns e demais familia lembrante sempre.

Santiago de Compostela, 12 de outubro de 2011

D. Alberte Reboredo Figueroa

FINOU ONTE AOS 46 ANOS DE IDADE

A túa familia non te esquece

Comunícase ás amizades que o cadáver se velará na sala número tres do Tanatorio Municipal de Boisaca ata ás CATRO da tarde de mañá sábado 24 de marzo.

Galicia, 23 de marzo de 2001

O señor

D. Estevo Fraga Domínguez

FINOU ONTE AOS 46 ANOS DE IDADE

Lembrarémoste sempre

A súa familia comunicalles ás amizades que o cadáver se vela na sala número dous do Tanatorio Municipal de Boisaca.

Ás CATRO da tarde de mañá xoves, 21 de abril, celebrarase no mesmo tanatorio un acto de despedida

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2000

Aos 56 anos de idade faleceu onte

ANDREA VILARIÑO LOUREIRO

As persoas que traballamos contigo e cantas te coñecemos e estimamos na túa profesión de médica notaremos a túa falta.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2010

RECORDATORIOS

As empresas funerarias adoitan repartir un recordatorio entre as persoas que asisten ao funeral. Vén sendo unha última despedida da persoa finada. Ademais de recoller os datos relativos ao falecemento, tamén se inclúe algunha oración ou un texto de lembranza.

Lois Negreira García

(1973-1996)

Faleceu o día 31 de febreiro de 1996 aos 29 anos de idade.

D. E. P.

O seu pai, Xosé Negreira Pérez, e a súa nai, Carme García Paz; irmán, Fernando; a súa avoa, tíos/as, primos/as e demais familia rogan unha oración polo eterno descanso da súa alma.

A todas as persoas que me quixestes pídovos oracións de recordo, dado que son a mellor proba do voso cariño, e que vivades sempre de maneira que nos poidamos reencontrar no ceo.

(San Francisco de Asís)

ANA MARÍA PEDROSA RIBEIRO

Finou cristiamente o pasado sábado, 29 de xuño, aos 92 anos de idade.

-D.E.P.-

Filios: Óscar e Francisco; fillas políticas: María Pereira Viñas e Rosario Domínguez González; netos/as: Lois, Aldara, Gonzalo, María, Noela e Piedade; irmáns/s políticos/a: Xosé, Xermán e Carme.

Bisnetos/as, sobriños/as e demais familia.

Agradecen unha oración pola súa alma e dan as grazas pola asistencia tanto ao funeral de corpo presente celebrado o xoves pasado en Barcelona, como ao funeral polo seu eterno descanso realizado hoxe na igrexa parroquial de San Bieito do Campo.

Santiago de Compostela,
25 de xullo de 2001

Onte estivo connosco rindo e compartindo o mellor de si. Hoxe quédanos o seu recordo.

A súa familia sempre honrará a súa memoria, ata o momento de reunirse con ela.





Bendicións para todos os seres queridos de quen en vida foi Ana María.

PARA AS EMPRESAS MARMORISTAS

LÁPIDAS

Nas lápidas inscríbese o nome e os apelidos da persoa finada e, habitualmente, a data da morte, aínda que xa se comezan a ver lápidas que conteñen só o nome e os apelidos.

Tamén poden levar outros datos como o ano de nacemento e un lema ou unha frase en que os familiares ou as amizades expresan o seu pesar pola perda do ser querido ou calquera outra expresión que o identifique. Achegamos aquí algúns exemplos con múltiples variacións.



Lemas lápidas

Á hora de esculpirmos estes textos sobre a pedra ou sobre o metal, adoitan colocarse despois dos datos da persoa que alí descansa, como unha sentenza final.

Se o lema vai escrito sen centrar, remataremos a expresión cun punto final; se o lema vai centrado, pode ir sen punto final.

-Lemas xenéricos (valen tanto para mulleres como para homes):

O teu recordo vive e vivirá sempre nos nosos corazóns. Querémoste.

Faise o teu corpo fráxil, pero quedan en nós as túas ideas valentes e fortes.

Saíches desta vida, pero non dos nosos corazóns.

As persoas que te quixemos na vida non te esqueceremos na morte.

Seguirémoste querendo.

Seguirémoste amando.

Estarás sempre entre nós.

Estarás sempre connosco.

Recordarémoste sempre.

Lembrarémoste sempre.

Sempre te lembraremos.

Sempre te recordaremos.

Nunca te esqueceremos.

A grandeza do teu amor fai especial cada instante das nosas vidas.

O teu cariño, o teu sorriso, a túa bondade acompañarannos sempre.

Os días pasan, pero o teu recordo sempre está con nós.

Os días pasan, pero a túa lembranza sempre está connosco.

A luz do teu amor non morrerá mentres vivamos. Ela hanos alumar para aprendermos a camiñar sen ti.

Ímoste estrañar moito.

Voute estrañar moito.

Botarémoste de menos.

Botareite de menos.

Moito te estrañamos.

Estrañámoste moito.

Vaise notar moito a túa ausencia.

Desde que te fuches, nos nosos corazóns hai un sitio baleiro. Nunca te esquecerei.

A túa lembranza acompañará sempre o noso camiño.

A túa lembranza acompañará sempre o noso camiñar.

Sempre vivirás en nós.

Fonte de luz, de sabedoría, de bondade e de vontade.

A túa forza acompañaranos sempre.

O teu sorriso e a túa forza quedarán sempre con nós.

Agora ten morada ao pé da fonte do tempo, aló no fondo do camiño das estrelas.

A túa familia non te esquece.

Os teus non te esqueceremos.

Descanse en paz.

Deus te teña na gloria.

Que a terra che sexa leve

-Lemas para mulleres:

Sempre te teremos viva nos nosos corazóns.

Permanecerás viva nos nosos corazóns.

Sempre estarás viva nos nosos corazóns.

Estarás viva nos nosos corazóns para sempre.

Estarás viva nos nosos corazóns por sempre.

Sementaches só amizade e fuches unha gran compañeira. Xa sen ti, non nos queda máis ca imitar o teu exemplo.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, mamá.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, avoa.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, irmá.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, filla.

Deus a teña na gloria

-Lemas para homes:

Sempre te teremos vivo nos nosos corazóns.

Permanecerás vivo nos nosos corazóns.

Sempre estarás vivo nos nosos corazóns.

Estarás vivo nos nosos corazóns para sempre.

Estarás vivo nos nosos corazóns por sempre.

Sementaches só amizade e fuches un gran compañeiro. Xa sen ti, non nos queda máis ca imitar o teu exemplo.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, papá.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, avó.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, irmán.

O teu recordo, agora e sempre, nos nosos corazóns, fillo.

Deus o teña na gloria

A continuación, reproducimos fotografías de lápidas que empregan a nosa lingua no cemiterio de Boisaca



PARA AS FLORARÍAS

LEMAS PARA AS FITAS OU PARA AS TARXETAS QUE ACOMPAÑAN AS FLORES

Amosamos no cadro que segue posibles lemas para imprimir nas cintas dos centros de flores e coroas ou para escribir nas tarxetas que acompañan as flores.

A túa muller / A túa esposa / A túa dona

O teu home / O teu marido / A teu esposo

As túa filla / O teu fillo

As túa neta / O teu neto

A túa avoa / O teu avó

A túa irmá / O teu irmán

A túa curmá / O teu curmán

A túa afillada / O teu afillado

A túa familia

A túa nora

O teu xenro

A veciñanza

A empresa xxx

non te esquece

A túa nai e o teu pai / Os teus pais

As túas fillas / Os teus fillos

As túas netas / Os teus nenos

As túas avoas / Os teus avós

As túas irmás / Os teus irmáns

As túas curmás / Os teus curmáns

As túas afilladas / Os teus afillados

As túas noras / Os teus xenros

As túas compañeiras de traballo

Os teus compañeiros de traballo

As túas veciñas / Os teus veciños

non te esquecen

Lembranza
Co cariño
Co agarimo



da túa muller / da túa esposa / da túa dona
do teu home / do teu esposo / do teu marido
da túa filla / do teu fillo
das túas fillas / dos teus fillos
da túa nai e do teu pai / dos teus pais
da túa neta / do teu neto
das túas netas / dos teus netos
da túa avoa / do teu avó
da túa avoa e do teu avó / dos teus avós / das
túas avoas
da túa irmá / do teu irmán
das túas irmás / dos teus irmáns
da túa curmá / do teu curmán
das túas curmás / dos teus curmáns
da túa nora / das túas noras
do teu xenro / dos teus xenros
da túa afillada / do teu afillado
das túas afilladas / dos teus afillados
das túas amigas / dos teus amigos
das túas amizades
da empresa xxx
da túa compañeira de traballo / do teu
compañeiro de traballo
das túas compañeiras de traballo / dos teus
compañeiros de traballo
da túa veciña / do teu veciño
da túa veciñanza

PROPOSTAS PARA REALIZAR UNHA CERIMONIA FUNERARIA

Achegamos aquí uns textos que poden lerse ou interpretarse durante a cerimonia funeraria. A maioría deles recolleunos a Comisión polo Pasamento Laico de Cangas.

LEMBRANZAS

Unha persoa, familiar ou amiga, le unhas liñas de lembranza. Achegamos dous breves textos que poden servir de modelo ou, se se quere, pódese elaborar outro texto completamente diferente, mesmo máis personalizado e acaído en relación coa persoa finada.

Lembranza 1

Amigas e amigos:

Reunímonos hoxe aquí para darnos a despedida a..... e un sentimento de tristura mergulla as nosas cabezas. É natural, pois, que nos desole a súa desaparición física e sabemos o moito que habemos botar en falta a súa presenza. Mais, a constancia de sermos moitas as persoas que lle queriamos e que lle queremos prodúcenos a ledicia de evocar con agarimo e alegría a súa figura, de sentírmonos contentos ao estar agora, coma sempre, na súa irmandade.

Porque sabemos tamén que non vai estar ausente entre nós. Seguirá vivindo sempre nas nosas lembranzas, nas nosas angueiras, nos nosos afáns. O seu exemplo estimularanos para seguir traballando por un mundo mellor, máis xusto e máis solidario.

Lembranza 2

Amigas e amigos:

Neste emotivo momento no que estamos para despedir a, cremos que a mellor lembranza que lle podemos dedicar as persoas que aquí nos reunimos é a de agradecer a súa amizade, celebrar a súa honradez, louvar o seu traballo e lembrar o cariño que sentía polos seus e tamén por todas e por todos nós que, ao cabo, xa formamos parte da súa familia extensa.

Cando alguén querido ten que facer a travesía desde esta beira da vida e que hoxe está a facer, na parroquia dos vivos quedamos coa sensación da friaxe, do abandono, do desacougo, pero tamén queremos achegarlle a suficiente calor e compañía para que sexa levadío este novo camiño que emprende desde o río da vida ata o océano da eternidade.

..... permaneceremos unidas e unidos polo teu recordo para sempre.

POEMAS

Pode lerse un poema escollido para o momento. Aquí deixamos unha pequena escolma tirada da literatura galega.



EIQÚÍ SERÁ

Quero morrer eiquí (cando me chegue
a hora da viaxe que me agarda).

Eiquí niste silencio
de pombas arroladas,
niste vento que dorme nos piñeiros
un profundo soño de arelanzas.

Quero morrer eiquí cos ollos postos
no fumegar das tellas, na borralla
do tempo, fronte a fronte
de min, aberta a ialma
aos latexos das horas, nunha tarde
ateigada de arpas.

Van e veñen as nubes viaxeiras,
as anduriñas pasan.
O pandeiro da chuvia
repenica unha maina
melodía de outono,
que no roncón do río se acompasa.

Quero morrer eiquí. Ser sementado
nesta miña bisbarra.
Finar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.

Celso Emilio Ferreiro



A MORTE

De forte ollar, amiga,
e frío que non se quenta.
Amiga, que es de todos
e por ninguén esquecida.

Soia con teu silencio
na forza do teu poder,
un por un de cada ser
levas do fin ó comenzo,

descansar á túa fonte.

E logo de alí cansiños,
amiga, dinos pra onde?

Deixa, amiga, ós nosos pés,
fríos polo teu ver,
algo do noso sentir,
do son que ti fas fuxir,
amiga, por aquil nacer...

María Mariño

Esta enerxía xa non vai ter fin.
Non foi creada nen será destruída.
Irás ocupando diferentes vidas
transformándose en emocións alleas,
tatuada noutros corpos paralelos,
en simultáneas procesións
sen pausa

Lois Pereiro

Cando na tarde veña a ser lembranza
pechade os vosos ollos e sentide
o ritmo do silencio a recordar
o seu canto
parado na memoria

Ide, despois, pasando
as cousas que el amou,
a pulsación da vida,
a dor irremediable dos adeuses,
unha por unha todas as palabras,
os soños derrubados,
os signos do seu sangue
nas paredes do tempo,
e teredes entón diante de vós,
aberto como unha arca,
o corazón enteiro desta patria.

Salvador García-Bodaño

COMO HEI VIVIR MAÑÁ SE A LUZ TÚA

Como ei vivir mañá sen a luz túa?
Case morto vivín sen coñecerte
aló na chaira seca por absurdas rúas
onde ninguén me soubo dar mornura.

Foi soedade desconforme adentro
e a semente a caír en terra dura.

Como hei vivir mañá sen a luz túa?
Erguinme e vinte ao regresar á terra
como se fora todo aquilo un soño
pesado e ti xa foras sempre miña.

Foi outra vez materno en aloumiño.
o bico teu na lingua.

E foi de novo corazón adentro
comprender a existencia e a dozura.

Como hei vivir mañá sen a luz túa?

Pero hoxe mesmo o día abriu en medo
entrou na fiestra un sol estraño inmenso
e deixáchesme o leito en mantas frías.

Está a volver agora corazón adentro
a soedade o podre a agonía
a me pinchar as cousas en millóns de pugas
cada minuto en séculos de agullas.

Como hei vivir mañá sen a luz túa?.

Bernardino Graña



Esta tarde o aire é meu amigo.
Voume sumindo sumindo.
SE o aire queremos
chegarei a non ser ninguén.

Uxío Novoneyra



Sempre que te nomeo
un mar de chuvia inunda
as rúas que rodean
a miña casa alta

Marta Dacosta



Eu xa sei quen son
porque me amaches
e non permaneciches
baixo dos ábsides

Claudio Rodríguez Fer

Hai veces en que sendo feliz,
estando triste,
agardo que volvas,
que regreses a estas mans e a esta voz,
que regreses a este corpo,
con tantas indecisións e madrugadas.

Rafa Vilar

Que sería de min sen a presenza
da tua lene risa luminosa,
que sería de min sen a promesa
do teu corpo froital xa floreado.
Que sería de min sen os teus beizos,
dóce veleño antigo que me invade,
que sería de min sen os teus ollos
de noite aluarada e desmedida.
Que sería de min sen os teus rios,
sen o teu pozo fondo en que me afojo,
sen a tua fonte de auga sempre viva.
Que sería de min sen as tuas mans
que me estremecen, que me queiman vivo;
que sería de min sen ti á beira.

Darío Xohán Cabana

CASA BALEIRA

Hai un olor pechado
e un rastro de ausencias
esquencidas nos espellos
no frío das cinzas apagadas.
Un alento húmido de respiración,
unha gargallada tráxica.
O ecoar espectral dos pasos
e a auga a escorrer
polo tellado,
identifico outras horas
outras voces perdidas sen remedio
na distancia.

No aire dos armarios
morfina do tempo
palpo a morneza dun corpo
nestes traxes que amaron a luz.
Naftalina e soños dormen
chalecos e zapatos deixados
por alguén que emprendeu escura naveganza.
Aquí están en paz en soliloquio íntimo
suores caricias lonxanías
últimos mofos onde se pudre
oloroso o esquenzo
tal se destapo un frasco de aire enfermo.

Xulio López Valcárcel



(Pouco antes de morrer, Raymond Carver
escribiu o inicio dun poema:
“¿E conseguiches o que
querías desta vida?
Conseguino, si.
¿E que querías?
Considerarme amado, sentirme
amado na terra.”
Eu tamén podería dicir o mesmo...)

Lois Pereiro



Dos días que reserva para min o destino
cada unha das súas noites por vivir
sería a derradeira
a única esencial
se puidese vivirte a ti tamén
trasnoitado sobre o teu corpo en calma
cohabitando os teus soños
sobrevivindo á miña inexistencia
soñando nas túas noites
ou prorrogado en ti.

Lois Pereiro



OUTROS RECURSOS

I. NOMES DOS LUGARES DO CONCELLO DE SANTIAGO

ARÍNS

Os Abetos, A Agra dos Campos, Andrade, O Aramio, A Cacharela, A Costa de Aríns, A Devesa, Fornás, A Granxa, O Igrexario, O Lobio, A Pena, Sanxuás, Sobríns, A Torre Branca, Vilacova.

BANDO

Bando de Abaixo, Bando de Arriba, O Castro, A Lagoa, Pousada, San Marcos, Zaramacedo.

A BARCIELA

As Albeanas, O Alto, A Barciela, Benavente, A Caluba, A Foca, A Fonte do Torno, A Igrexa, A Polveira, Sigüeiro, O Valado, O Vintecatros.

BUSTO

Barcavella, A Casanova, O Castro, Currais, A Figueira, A Igrexa, Neiro de Abaixo, Neiro de Arriba, Ramelle, Vilariño.

O CARBALLAL

A Castiñeira Pequena, Lamas do Carballal, Piñeiro, As Quintás, Tarrío.

O CASTIÑEIRIÑO

O Casal de Abaixo, O Casal de Arriba, O Combarro, Lamas de Abade, O Outeiro.

CESAR

Candelabeira, O Casal, As Casas de Arriba, O Castro, A Igrexa, A Torre, Tras Veá.

CONXO

Conxo de Abaixo, Conxo de Arriba, A Curuxeira, A Fervenza, O Monte do Seixo, A Nogueira, Pai da Cana, A Ponte da Rocha, A Ponte Pereda, O Porto, A Poza Real, O Rial, A Rocha Vella, Torrente, A Volta do Castro.

O EIXO

Bornais, O Eixo de Abaixo, O Eixo de Arriba, O Gaioso, O Igrexario, Os Laranxos, As Pereiras, Piñeiro, A Uceira, O Valado, A Veiga .

A ENFESTA

A Aldea de Abaixo, Formarís, O Forte, Frades, Gunín, A Igrexa, Piñeiro, Reboredo, A Sionlla de Abaixo, A Sionlla de Arriba, A Torre, Vilasuso.

FECHA

Albudiño, Camouzo, Fecha, Fontoadade, Lamascal, A Ponte Albar, Roán, Vachao, Vilar do Rei, Vilas.

FIGUEIRAS

Codesedas, Correxíns, A Cova, Folgoso, A Fontecova, Marmancou, As Moas de Abaixo, As Moas de Arriba, Piñor, A Portela, Vrins, Xulacasa.

GRIXOA

A Igrexa, Marzo de Abaixo, Marzo de Arriba, Miramontes, A Ponte, A Valiña, Vilar.

LARAÑO

A Amañecida, A Barcia, O Casal, As Casas do Monte, Coira, A Igrexa, Lamas, Larañiño, Munín, Paredes, Pardiñas de Abaixo, Pardiñas de Arriba, Reibó, O Rial, Santomil.

MARANTES

Agualada, Cortos, Gosende, A Lameira de Abaixo, A Lameira de Arriba, Marantes, O Outeiro, Ramil, A Rúa Travesa, A Torre, Vila Fernández, Vilar.

MARROZOS

Aldrei, Ardagán, A Cañoteira de Marrozos, Corexo, Gamás, Marrociños, O Outeiro de Marrozos, O Sisto, A Susana, Vixoi.

NEMENZO

O Barreiro, Chorente, Os Mallos, Os Muíños, Nemenzo de Abaixo, Nemenzo de Arriba, As Paradelas de Abaixo, As Paradelas de Arriba, A Pedra, Vilariño.

A PEREGRINA

Aradas, O Bargo, O Monte da Vila, Pardaces de Abaixo, Pardaces de Arriba, A Peregrina, O Queiroal, Sarela de Arriba.

SABUGUEIRA

Albarde, Amarelle, Casais, A Castiñeira Grande, A Esquipa, A Lameira, A Lavacolla, Mourentán, Neiro, O Noval, O Pontillón, A Praza, As Quenllas, Requesende, San Paio, A Sionlla, Vilamaior, Xan Xordo.

SAN CAETANO

Bálsoma, O Barral, Boisaca, A Escarabuña, Garabal, Mallou de Arriba, Meixonfrío, Paradela, As Pereiras, Rebordaos, San Caetano, San Silvestre, Son de Abaixo, Son de Arriba, Os Vilares, A Xesteira.

SAN FROITOSO DE FÓRA

Bar de Abaixo, Bar de Arriba, As Casas do Rego, As Casas Novas, A Ponte de Santo Domingo, A Ponte Sarela, San Paio do Monte, Sarela de Abaixo.

SAN LÁZARO

Amio, As Casas do Vento, O Cotaredo, A Granxa de San Lázaro, Mallou de Abaixo, Paredes, O Piñeiro, O Porto do Medio.

SAN XOÁN DE FÓRA

Asén, O Avío, A Burata, Casal de Horta, As Casas Novas, A Cima da Eira, Lermo, Montes, A Pontepedriña de Arriba, O Romaño, San Ignacio do Monte, A Torreira, Vista Alegre, Vite de Abaixo, Vite de Arriba.

SANTA CRISTINA DE FECHA

Belén, Diáns, Frensa, Gallufe, Gamil, Lamela, O Roxido.

SAR

Angrois, As Casas da Hedra, O Cruceiro de Sar, O Outeiro, Picaños, As Pontes do Viso, O Vieiro, O Viso.

VERDÍA (Santa Mariña)

A Eirexe, Insuas, Lobra, Quintáns, Verdía de Abaixo, Verdía de Arriba, Vilar de Outeiro.

VIDÁN

A Cantaleta, O Chouchiño, A Ponte Vella, A Rocha Nova, Vidán.

VILLESTRO

Carballal, Carlexo, Feáns, Fraíz, Pedrido, Piñeiro, Portela, Quintáns, Reborido, Roxos, Silvouta, Tas Igrexa, Vilastrexe.

II. IGREXAS E CEMITERIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO

Ademais do CEMITERIO MUNICIPAL DE BOISACA, hai outros cemiterios situados nas diferentes parroquias, normalmente ao carón das igrexas

PARROQUIA	IGREXA	CEMITERIO
ARÍNS	- Igrexa de San Martiño de Aríns	- Cemiterio de Aríns
BANDO	- Igrexa de Santa Baia - Capela de San Marcos no Monte do Gozo	- Cemiterio de Santa Baia de Bando
A BARCIELA	- Santo André da Barciela	- Cemiterio de Santo André da Barciela

BUSTO	- Igrexa de San Pedro de Busto	- Cemiterio de San Pedro de Busto
O CARBALLAL	- Igrexa de San Xulián do Carballal	- Cemiterio de San Xulián do Carballal
O CASTIÑEIRIÑO	- Igrexa da Nosa Señora de Fátima	- Cemiterio de Covas
CESAR	- Igrexa de Santa María de Cesar	- Cemiterio de Santa Mariña de Cesar
CONXO	- Igrexa da Nosa Señora da Mercé	- Cemiterio de Nosa Señora da Mercé
O EIXO	- Igrexa de San Cristovo do Eixo - Santuario de Santa Lucía - Capela da Nosa Señora das Ermidas	- Cemiterio do Eixo
A ENFESTA	- Igrexa de San Cristovo da Enfesta	- Cemiterio de San Cristovo da Enfesta
FECHA	- Igrexa de San Xoán Bautista de Fecha - Capela de Lamascal	- Cemiterio de Lamascal - Cemiterio de San Xoán Bautista de Fecha
FIGUEIRAS	- Igrexa de Santa María de Figueiras	- Cemiterio de Santa María de Figueiras
GRIXOA	- Igrexa de Santa María de Grixoa	- Cemiterio de Santa María de Grixoa
LARAÑO	- Igrexa de San Martiño de Laraño	- Cemiterio de Laraño
MARANTES	- Igrexa de San Vicente de Marantes	- Cemiterio de San Vicente de Marantes
MARROZOS	- Igrexa de Santa María de Marrozos	- Cemiterio de Santa María de Marrozos
NEMENZO	- Igrexa de Santa Cristina de Nemenzo	- Cemiterio de Santa Cristina de Nemenzo
A PEREGRINA	- Igrexa de Santa María da Peregrina	- Cemiterio novo da Peregrina - Cemiterio vello de Santa María da Peregrina
SABUGUEIRA	- Igrexa de San Paio da Sabugueira - Capela de San Roque - Capela de Santa Lucía	- Cemiterio de San Paio da Sabugueira

SAN CAETANO	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de San Caetano - Santuario da Virxe de Guadalupe - Capela de San Silvestre - Capela do Meixonfrío 	
SAN FROITOSO DE FÓRA	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de San Froitoso - Capela do Carme de Abaixo - Capela de San Paio do Monte - Capela de San Lourenzo 	
SAN LÁZARO	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de San Lázaro 	
SAN XOÁN DE FÓRA	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de San Xoán Apóstolo de Vista Alegre - Capela da Virxe da Fonte 	
SANTA CRISTINA DE FECHA	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de Santa Cristina de Fecha - Santuario da Nosa Señora de Belén 	<ul style="list-style-type: none"> - Cemiterio de Santa Cristina de Fecha
SAR	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de Santa María a Maior e Real de Sar - Capela da Santa Mariña 	
VERDÍA (Santa Mariña)	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de Santa Mariña de Verdía 	<ul style="list-style-type: none"> - Cemiterio de Santa María de Verdía
VIDÁN	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa do Divino Salvador 	
VILLESTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de Santa María de Villestro - Capela de San Miguel de Roxos 	<ul style="list-style-type: none"> - Cemiterio de Santa María de Villestro
Santiago (zona urbana)	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de Santo Antonio - Igrexa de San Bieito do Campo - Igrexa de San Fernando - Igrexa de San Fiz de Solovio - Igrexa de Santa María a Antiga (A Corticela) - Igrexa de Santa María do Camiño - Igrexa de Santa Marta - Igrexa de San Miguel dos Agros - Capela da Divina Pastora - Igrexa de San Pedro Apóstolo - Capela da Quinta Angustia - Igrexa de Santa Salomé - Igrexa de Santa Susana de Fóra - Capela do Pilar 	

III. RECURSOS NA REDE

Nomenclátor (toponimia)

<http://www.xunta.gal/nomenclator>

Dicionario da Real Academia Galega

<http://academia.gal/dicionario/-/termo/>

Buscatermos

<https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm>

IV. PEQUENA COMPILACIÓN DE VOCABULARIO DO ÁMBITO FUNERARIO

Agarimo: Sentimento de afección, amizade, tenrura, simpatía etc., por alguén

Alma: Parte espiritual do ser humano, que tradicionalmente se consideraba separable do corpo e inmortal

Ánima: Alma, en particular a que está no purgatorio

Ataúde: Caixa onde se coloca o cadáver que vai ser enterrado. Tamén se pode usar: féretro, cadaleito, caixa.

Botar en falta/falla: Notar a ausencia dunha persoa ou cousa

Cadaleito: Caixa onde se introduce o cadáver que vai ser enterrado . Tamén se pode usar: ataúde, féretro, caixa.

Camposanto: Lugar onde se enterran as persoas mortas.

Capela ardente: Lugar onde se vela unha persoa defunto

Caixa: Cadaleito onde se introduce o cadáver que vai ser enterrado . Tamén se pode usar: ataúde, cadaleito, féretro.

Cemiterio: Lugar onde se enterran as persoas mortas.

Columbario: Conxunto de nichos onde se gardan as urnas coas cinzas das persoas finadas.

Condolencia: Pésame. Manifestación pola que se comparte o pesar alleo.

Cerimonia: Acto solemne celebrado de acordo con certas normas ou costumes

Cinsa/cinza: Po ou conxunto de residuos que quedan dun corpo queimado totalmente.

Coroa funeraria: Flores ou follas dispostas en círculo.

Cortexo fúnebre: Grupo de persoas que seguen a outra ou a outras, para acompañala ou para renderlle honor nunha cerimonia funeraria.

Crematorio: Lugar onde se incineran os cadáveres.

Defunto/a: Persoa sen vida.

Dó: Dor ou aflicción que se sente pola morte dun ser querido.

Enterro: Acción e efecto de meter un defunto na sepultura e cerimonia coa que se realiza.

Espírito: O que constitúe a vida psíquica, intelectual e afectiva dunha persoa.

Esquecemento: Acción e efecto de esquecer.

Esquecer: Deixar de ter na memoria [algo].

Expirar: Dar o último suspiro. Falecer.

Extremaunción: na relixión católica, unción cos óleos ás persoas moribundas.

Falecer: Deixar de ter vida. Tamén se pode usar finir ou fenecer.

Fenecer: Deixar de existir . Tamén se pode usar falecer ou finir.

Féretro: Caixa alongada de madeira onde se mete o corpo do defunto para enterralo. Tamén se pode usar: ataúde, cadaleito, caixa.

Finado/a: Persoa que feleceu.

Finar: [Persoa] deixar de existir, deixar de ter vida . Tamén se pode usar falecer, fenecer, finir.

Fúnebre: Pertencente ou relativo aos defuntos e á morte.

Igrexa: Templo ou edificio onde se celebran oficios relixiosos.

Incinerar: reducir a cinsa ou cinza un cadáver.

Incineración: Acción e efecto de incinerar.

Inhumación: Acción e efecto de meter un defunto na sepultura e cerimonia con que se realiza.

Lápida: Lousa con algunha inscrición gravada, en especial a que se coloca sobre unha sepultura.

Lembranza: Pegada que algo do pasado deixa na memoria e que vén a ela nun momento determinado.

Levadío: Fácil de soportar.

Loito: Estado de tristeza e pesar pola morte de alguén.

Morrer: Deixar de vivir.

Panexírico: Obra ou discurso laudatorios en verso ou en prosa, dun personaxe notable

Pésame: Expresión de dor ou pesar polo falecemento de alguén.

Recordo: Aquilo que se conserva na memoria e que vén a ela nun momento determinado

Repousar: Estar enterrado.

Sartego: Sepulcro de pedra.

Soterrar: Meter [un defunto] nunha sepultura, especialmente nas situadas baixo terra.

Urna: Recipiente de diferentes formas e provisto de tampa, destinado a conter e conservar as cinsas dunha persoa morta.

Velorio: Acto ou reunión de persoas para velar unha persoa defunta.

Xacer: Estar enterrado/a.

V. VOCABULARIO BILINGÜE: CASTELÁN/GALEGO

Afecto- **Afecto/Agarimo**
Alma - **Alma/Ánima**
Ataúd - **Ataúde/Cadaleito/Caixa/Féretro**
Capilla ardiente – **Capela ardente**
Cementerio – **Cemiterio/Camposanto**
Ceremonia – **Cerimonia**
Ceniza – **Cinsa/Cinza**
Corona Funeraria – **Coroa Funeraria**
Cortejo fúnebre – **Cortexo fúnebre**
Difunto – **Defunto**
Dolor – **Dor/Dolor** (fem.)
Duelo – **Do**
Echar de menos - **Botar en falta/falla/Botar de menos**
Enterrar – **Enterrar/Soterrar/Inhumar**
Entierro – **Enterro/Inhumación**
Esquela – **Necrolóxica/Nota necrolóxica**
Espíritu – **Espírito**
Fallecido – **Falecido/Finado**
Fallecer – **Falecer/Finar/Fenecer/ Morrer**
Féretro – **Féretro**
Fúnebre – **Fúnebre**
Funeral - **Funeral**
Funerario - **Funerario**
Horno crematorio – **Forno crematorio/incinerador**
Iglesia – **Igrexa**
Incineración – **Incineración**
Llevadero – **Levadío**
No se recibe duelo – **Non se recibe do**
Morir – **Morrer/Falecer/Finar/Fenecer**
Olvidar – **Esquecer**
Recordar – **Lembrar/Recordar**
Recuerdo – **Lembranza/ Recordo**
Velatorio – **Velorio**

VI. NOMES DE PARENTESCO

Muller/esposa/dona

Home/esposo/marido

Fillo/filla/fillos/fillas

Nai/pai/nais/pais

Neto/neta/netos/netas

Avó/avoa/avós/avoas

Irmán/irmá/irmáns/irmás


Curmán/curmá/curmáns/curmás

Tío/tía/tíos/tías

Xenro/xenros

Nora/noras

Afillado/afillada/afillados/afilladas



*... E se te lembrás de min nunha lingua
que non foi a miña, entón é que non
te lembrás de min.*

Nel Vidal Barral

Galeg@
para sempre

